

AUTORES E AUTORAS DE CUMIEIRA, vol. 6 (2021)

ABRAHAM CASTRO GARCÍA.

Nado no 1998 no barrio de Teis (Vigo), cursou con éxito nos anos 2016-2020 o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios da Universidade de Vigo, coa mención en Filoloxía Galega. No curso 2020-2021 realizou o Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas na especialidade de «Linguas e literaturas oficiais: castelán e galego».

ÁNGELA OTERO FONTÁN.

Naceu en 1993 en Pontevedra e graduouse en 2020 na Universidade de Vigo no grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. No ano 2020-2021 cursou na mesma universidade o Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria e Bacharelato, seguindo a especialidade de «Linguas e literaturas oficiais». Actualmente segue a súa formación realizando cursos formativos ao mesmo tempo que prepara as oposicións de Educación Secundaria.

NURIA BOUZAS ANTAS.

Nacida en 1998 en Pazos de Borela (Cotobade), graduouse en 2020 na Universidade de Vigo no grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. No curso 2020-2021 cursou na mesma universidade o Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria e Bacharelato, na especialidade de «Linguas e literaturas oficiais».

FERNANDO GROBA BOUZA.

Naceu en Santiago de Oliveira (Ponteareas, Pontevedra) en 1979. Licenciouse en Filoloxía Galega na Universidade de Santiago de Compostela e doutorouse en Estudos Lingüísticos na Universidade de Vigo coa tese *O léxico da hipoloxía no galego oral* (2020). O seu labor investigador céntrase nos ámbitos da Lexicografía, da Terminoloxía, da Fraseoloxía e, recentemente, na Dialectoloxía. Entre as súas achegas destacan varios artigos en revistas científicas como *Cadernos de fraseoloxía*, *Madrygal* ou *Cadernos de lingua*, e os libros *Vocabulario galego-castelán da carpintaría da madeira* (2006) e *Galegos no Minho. 20 anos do Centro de Estudos Galegos na Universidade do Minho* (2017).

ANTONIO MARTÍN PIÑERO

Nacido en Santa Cruz de Tenerife en 1998, graduouse en 2020 en Español: Lengua y Literatura na Universidade de La Laguna. En 2020-2021 cursou o Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada, polas universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña, e na actualidade realiza o doutoramento en Lingüística da Universidade de La Laguna. Gañou o XII Premio Bial de Poesía Joven Emilio Alfaro Hardisson (2020), do Ateneo de La Laguna, e colabora con revistas de arte e investigación como *Cipselas* e *Nexo*.